



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo

*"O FSE inviste no teu futuro"*



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN  
Y FORMACIÓN PROFESIONAL

---

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

CMPS003

# Ciencias sociais

---

Parte sociolingüística. Ciencias sociais



# 1. Formato da proba

---

## Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.


## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 50 minutos.

## 2. Exercicio

1. Á vista do mapa que reflicte o índice de aridez en España, sinale a opción que se axuste mellor aos factores que poden causar este fenómeno ambiental.

*A la vista del mapa que refleja el índice de aridez en España, señale la opción que se ajuste mejor a los factores que pueden causar este fenómeno ambiental.*




- A** A progresión do clima Oceánico e a súa difusión cara ás áreas xeográficas do sur peninsular.  
*La progresión del clima Oceánico y su difusión hacia las áreas geográficas del sur peninsular.*
- B** A plantación abusiva de especies arbóreas e o progreso da fauna atlántica cara ao sur peninsular.  
*La plantación abusiva de especies arbóreas y el progreso de la fauna atlántica hacia el sur peninsular.*
- C** A perda da cuberta forestal e a explotación insustentable dos acuíferos.  
*La pérdida de la cubierta forestal y la explotación insostenible de los acuíferos.*

2. O dolmen de Dombate é unha manifestación característica da cultura...

*El dolmen de Dombate es una manifestación característica de la cultura...*

- A** Megalítica.
- B** Castrexa.  
*Castreña.*
- C** Paleolítica.



3. Que pobo substituíu de xeito hexemónico o poder de Roma na Península Ibérica nos séculos VI e VII d. C.?

*¿Qué pueblo sustituyó de manera hegemónica el poder de Roma en la Península Ibérica en los siglos VI y VII d. C.?*

- A** Vándalos.
- B** Visigodos.
- C** Árabes.



4. Sinale a frase que mellor se adecúe ás características sociais do feudalismo.

*Señale la frase que mejor se adecúe a las características sociales del feudalismo.*

- A** É unha sociedade dominada pola monarquía absoluta.  
*Es una sociedad dominada por la monarquía absoluta.*
- B** É unha sociedade tripartita: clero, nobreza e terceiro estado, que permite pouca permeabilidade entre estes estamentos.  
*Es una sociedad tripartita: clero, nobleza y tercer estado, que permite poca permeabilidad entre estos estamentos.*
- C** É unha sociedade con predominio do traballo dos escravos.  
*Es una sociedad con predominio del trabajo de los esclavos.*

5. Identifique a secuencia correcta dos ríos europeos sinalados con números no mapa.

*Identifique la secuencia correcta de los ríos europeos señalados con números en el mapa.*


- A** 1: Tiber. 2: Don. 3: Volga.  
4: Dniéper.
- B** 1: Po. 2: Don. 3: Volga.  
4: Dniéper.
- C** 1: Vístula. 2: Don. 3: Volga.  
4: Dniéster.



6. Polo seu xogo de volumes construtivos, esta fachada compostelá pertence á arte de estilo:

*Por su juego de volúmenes constructivos, esta fachada compostelana pertenece al arte de estilo:*

- A** Barroco.
- B** Renacentista.
- C** Románico.





**7. Sinale cal é a secuencia correcta dos seguintes acontecementos históricos.**

*Señale cual es la secuencia correcta de los siguientes acontecimientos históricos.*

- A** Imperio Napoleónico – Independencia dos Estados Unidos de América - Revolución Soviética.  
*Imperio Napoleónico – Independencia de los Estados Unidos de América - Revolución Soviética.*
- B** Revolución Soviética - Imperio Napoleónico – Independencia dos Estados Unidos de América.  
*Revolución Soviética - Imperio Napoleónico – Independencia de los Estados Unidos de América.*
- C** Independencia dos Estados Unidos de América - Imperio Napoleónico - Revolución Soviética.  
*Independencia de los Estados Unidos de América - Imperio Napoleónico - Revolución Soviética.*

**8. Onde se localizan as taxas máis baixas de crecemento de poboación no mundo?**


*¿Donde se localizan las tasas mas bajas de crecimiento de población en el mundo?*

- A** En Europa, EE.UU., Canadá e Australia.  
*En Europa, EE.UU., Canadá y Australia.*
- B** En Europa, Sueste Asiático e Arxentina.  
*En Europa, Sudeste Asiático y Argentina.*
- C** En EE.UU., África do Sur e Arxentina.  
*En EE.UU., África del Sur y Argentina*

**9. Identifique correctamente o nome das serras numeradas, situadas na comunidade autónoma galega.**

*Identifique correctamente el nombre de las sierras numeradas, situadas en la comunidad autónoma gallega.*

- A** 1: O Faro. 2: Barbanza. 3: Morrazo.  
4: Courel. 5: Xistral.
- B** 1: Xistral. 2: Barbanza. 3: Courel.  
4: Morrazo. 5: O Faro.
- C** 1: Courel. 2: Morrazo. 3: Xistral.  
4: Barbanza. 5: O Faro.





**10. Sinale a frase que mellor describa as características esenciais do Antigo Réxime ou Idade Moderna.**

*Señale la frase que mejor describa las características esenciales del Antiguo Régimen o Edad Moderna.*

- A** Foi un período caracterizado polo dominio en Europa do poder absoluto dos reis, a organización estamental da sociedade e a apertura das grandes rutas comerciais.  
*Fue un período caracterizado por el dominio en Europa del poder absoluto de los reyes, la organización estamental de la sociedad y la apertura de las grandes rutas comerciales.*
- B** Foi un período caracterizado polo dominio en Europa do feudalismo, as relacións entre vasalos e señores e o desenvolvemento do comercio interior.  
*Fue un período caracterizado por el dominio en Europa del feudalismo, las relaciones entre vasallos y señores y el desarrollo del comercio interior.*
- C** Foi un período caracterizado pola xeneralización dos sistemas parlamentarios en Europa, a eclosión das sociedades capitalistas e o desenvolvemento do colonialismo.  
*Fue un período caracterizado por la generalización de los sistemas parlamentarios en Europa, la eclosión de las sociedades capitalistas y el desarrollo del colonialismo.*

**11. Entre as causas que desencadearon o estoupido da Segunda Guerra Mundial adoita destacarse:**


*Entre las causas que desencadenaron el estallido de la Segunda Guerra Mundial suele destacarse:*

- A** Sinatura da paz de Brest-Litovsk coa Rusia Soviética.  
*Firma de la paz de Brest-Litovsk con la Rusia Soviética.*
- B** Cláusulas do Tratado de Versalles, consideradas abusivas por Hitler e boa parte do pobo alemán.  
*Cláusulas del Tratado de Versalles, consideradas abusivas por Hitler y buena parte del pueblo alemán.*
- C** Asasinato de Francisco Fernando, herdeiro do imperio Austrohúngaro en Saraievo.  
*Asesinato de Francisco Fernando, heredero del imperio Austrohúngaro en Sarajevo.*

**12. Os veráns secos e calorosos e o mantemento anual dunha temperatura temperada reflicten un clima de tipo:**

*Los veranos secos y calurosos y el mantenimiento anual de una temperatura templada reflejan un clima de tipo:*

- A** Oceánico.
- B** Desértico costeiro.  
*Desértico costero.*
- C** Mediterráneo.





**13.** A obra pictórica da galega Maruxa Mallo pode inscribirse dentro da corrente artística de vangarda que coñecemos por:

*La obra pictórica de la gallega Maruxa Mallo puede inscribirse dentro de la corriente artística de vanguardia que conocemos por:*

- A** Construtivismo.  
*Constructivismo.*
- B** Cubismo.
- C** Surrealismo.



**14.** Cando e onde se proclamou a primeira Constitución en España?

*¿Cuándo y dónde se proclamó la primera Constitución en España?*

- A** En Baiona, no ano 1814.  
*En Bayona, en el año 1814.*
- B** En Cádiz, no ano 1812.  
*En Cádiz, en el año 1812.*
- C** En Madrid, no ano 1837.  
*En Madrid, en el año 1837.*

**15.** Que corrente filosófica protagonizou o chamado “século das luces”?

*¿Qué corriente filosófica protagonizó el llamado “siglo de las luces”?*

- A** A Ilustración.  
*La Ilustración.*
- B** O Romanticismo.  
*El Romanticismo.*
- C** O Materialismo Histórico.  
*El Materialismo Histórico.*

**16.** Cales son as cinco economías nacionais emerxentes (BRICS) máis importantes?

*¿Cuáles son las cinco economías nacionales emergentes (BRICS) más importantes?*

- A** Burkina-Faso, Romanía, India, China e Singapur.  
*Burkina-Faso, Rumanía, India, China y Singapur.*
- B** Brasil, Rusia, India, China e Suráfrica.  
*Brasil, Rusia, India, China y Sudáfrica.*
- C** Brasil, Rodesia, Illas Caimán, China e Surinam.  
*Brasil, Rodesia, Islas Caimán, China y Surinam.*



**17. Sinale a frase que mellor se adecúe á etapa histórica coñecida como Imperialismo.**

---

*Señale la frase que mejor se adecue a la etapa histórica conocido como Imperialismo.*

**A** Período que vai de 1817 a 1919, no cal as potencias industriais se lanzaron á empresa de construír imperios coloniais, fundamentalmente coa repartición de África.

*Período que va de 1817 a 1919, en el cual las potencias industriales se lanzaron a la empresa de construir imperios coloniales, fundamentalmente con el reparto de África.*

**B** Período que vai de 1610 a 1845, no cal as potencias europeas se lanzaron á empresa de construír imperios coloniais, fundamentalmente coa repartición de Asia.

*Período que va de 1610 a 1845, en el cual las potencias europeas se lanzaron a la empresa de construir imperios coloniales, fundamentalmente con el reparto de Asia.*

**C** Período que vai de 1500 a 1800, no cal as potencias europeas se lanzaron á empresa de construír imperios coloniais, fundamentalmente coa repartición de América.

*Período que va de 1500 a 1800, en el cual las potencias europeas se lanzaron a la empresa de construir imperios coloniales, fundamentalmente con el reparto de América.*

**18. Que nome identifica o sistema político ideado por Antonio Cánovas del Castillo que consistiu na volta á monarquía como forma de goberno despois da I República, coa dinastía borbónica na figura de Afonso de Borbón, fillo de Isabel II?**

---

*¿Qué nombre identifica el sistema político ideado por Antonio Cánovas del Castillo que consistió en la vuelta a la monarquía como forma de gobierno después de la I República, con la dinastía borbónica en la figura de Alfonso de Borbón, hijo de Isabel II?*

**A** Restauración.

**B** Desamortización.

**C** Bienio Negro.

**19. Alxeria, Vietnam e Marrocos foron colonias do imperio:**

---

*Argelia, Vietnam y Marruecos fueron colonias del imperio:*

**A** Británico.

**B** Estadounidense.

**C** Francés.

**20. Que vangarda artística do século XX destacou pola representación do movemento e a velocidade?**

---

*¿Qué vanguardia artística del siglo XX destacó por la representación del movimiento y la velocidad?*

**A** Fauvismo.

**B** Futurismo.

**C** Op Art.



### 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº                                                  | A | B | C |  |
|-----------------------------------------------------|---|---|---|--|
| 1                                                   |   |   | X |  |
| 2                                                   | X |   |   |  |
| 3                                                   |   | X |   |  |
| 4                                                   |   | X |   |  |
| 5                                                   |   |   | X |  |
| 6                                                   | X |   |   |  |
| 7                                                   |   |   | X |  |
| 8                                                   | X |   |   |  |
| 9                                                   |   | X |   |  |
| 10                                                  | X |   |   |  |
| 11                                                  |   | X |   |  |
| 12                                                  |   |   | X |  |
| 13                                                  |   |   | X |  |
| 14                                                  |   | X |   |  |
| 15                                                  | X |   |   |  |
| 16                                                  |   | X |   |  |
| 17                                                  | X |   |   |  |
| 18                                                  | X |   |   |  |
| 19                                                  |   |   | X |  |
| 20                                                  |   | X |   |  |
| N.º de respostas correctas (C)                      |   |   |   |  |
| N.º de respostas incorrectas (Z)                    |   |   |   |  |
| Puntuación do test= $C \times 0,5 - Z \times 0,125$ |   |   |   |  |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.**